



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL PARA A CONTRATACIÓN DUN PEÓN FORESTAL DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN FORESTAL DO CONCELLO DE TOQUES. APROL RURAL 2025

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. JOSE LUIS GUERRA FERREIRO, administrativo do Concello de Toques.

VOGAIS:

DON IVÁN PONTE MAHÍA, secretario-interventor do Concello de Toques.

DONA MÓNICA SEIJAS REY, técnica de adm. xeral do Concello de Toques.

DON MAURO NOGUEROL URRUTIA, técnico de Deportes do Concello de Toques.

SECRETARIA

DONA GUADALUPE VÁZQUEZ ASCARIZ, traballadora social do Concello de Toques.

Na Casa Consistorial do Concello de Toques, en data 9 de xuño de 2025, sendo as 12:30 horas, constitúese o Tribunal calificador composto na forma precedentemente sinalada, para proceder á selección dun peón forestal do servizo de limpeza e conservación forestal de acordo coas bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía nº 145/2025 de data 16 de maio de 2025, contratación subvencionada a través da Orde de 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (Código procedemento TR351G), (publicada no DOG nº 50 do 13/03/2025);

Os/as candidatos/as que presentan a documentación requerida e foron admitidos/as ao presente proceso de selección, de acordo ca Resolución da Alcaldía nº 170/2025 do 2 de xuño de 2025, son os seguintes:

DNI **NOME APELIDOS**

*****8726** ANA GARCÍA PARDO.**

*****7991** SANTIAGO TORRES MATO.**



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

Seguidamente procédese por parte do Tribunal á valoración dos méritos dos/as candidatos/as, á vista do baremo recollido na base cuarta das bases reguladoras do presente proceso selectivo, dando o seguinte resultado:

NOME E APELIDOS	FORMACIÓN (CURSOS)	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL FASE CONCURSO
SANTIAGO TORRES MATO	0,00	0,00	0,00
ANA GARCÍA PARDO	0,00	0,00	0,00

Unha vez feitas as valoracións dos méritos, procédese a realización da proba práctica, que ten lugar nas inmediacións da casa consistorial e que consiste no desbroce de maleza utilizando unha desbrozadora de man do concello.

No tempo estipulado de 1 minuto cada un dos candidatos desbroza a seguinte distancia:

1.- Santiago Torres Mato. Superficie desbrozada: 7,40 mts. x 2,80 mts.

O Tribunal otórgale, unha vez analizada a técnica empregada, o uso e a distancia desbrozada de maneira correcta, unha puntuación nesta proba de 9,25 puntos.

2.- Ana García Pardo. Superficie desbrozada: 2,70 mts x 1,80 mts.

O Tribunal otórgale, unha vez analizada a técnica empregada, o uso e a distancia desbrozada de maneira correcta unha puntuación nesta proba de 6,00 puntos.

A candidata, Dona Ana García Pardo, presentou certificado Celga 3, polo que non realiza a proba de galego.

O candidato, Don Santiago Torres Mato, non presentou certificado Celga, polo que se realiza a proba de galego de forma oral diante do Tribunal.

Unha vez realizada, o Tribunal valora a proba realizada coa cualificación de APTO.

De seguido, se establece que as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes, tanto na fase de concurso como na proba práctica (fase de oposición), foron as seguintes:



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

NOME E APELIDOS	FASE CONCURSO	FASE OPOSICION	TOTAL PROCESO SELECCIÓN
SANTIAGO TORRES MATO	0,00	9,25	9,25
ANA GARCÍA PARDO	0,00	6,00	6,00

Á vista das puntuacións totais obtidas, o Tribunal propón á alcaldía a contratación laboral temporal por un período de 9 meses do seguinte candidato:

1.- DON SANTIAGO TORRES MATO con DNI número *7991****

E non sendo outro obxecto da presente, levántase a sesión cando son as 13:05 horas, extendéndose a presente acta, da cal, como Secretaria, dou Fe, e asinan os membros do Tribunal en proba de conformidade, na data que figura á marxe,

PRESIDENTE

VOCAIS

SECRETARIA.